


BANDO

GERARDO SEOANE FIDALGO, ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE VERÍN, **FAGO SABER:**

LIMPEZA OBRIGATORIA DE BIOMASA NOS NÚCLEOS RURAIS

De acordo co disposto no artigo 22 da *Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia* o CONCELLO DE VERÍN lembra ás e ós titulares das parcelas situadas a menos de 50 METROS dos lindes dos núcleos rurais e/ou vivendas illadas, deste municipio, que deben MANTELAS LIMPAS DE BIOMASA, para contribuír a unha adecuada protección contra o lume forestal.

A devandita área de protección dos núcleos rurais entenderase a comprendida dende 50 metros a contar dende a última edificación que constitúa o núcleo habitacional. No caso de que esta delimitación afecte parcialmente a fincas con maleza, deberán de ser desbrozadas na súa totalidade.

Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros, NON PODERÁ HABER ÁRBORES DAS ESPECIES SINALADAS a continuación (agás aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas, sempre que se manteña unha discontinuidade horizontal e vertical do combustible):

ESPECIE	NOME COMÚN
Pinus pinaster	piñeiro galego, piñeiro do país
Pinus sylvestris	piñeiro silvestre
Pinus radiata	piñeiro de Monterrey
Pseudotsuga menziesii	piñeiro de Oregón
Acacia dealbata	mimosa
Acacia melanoxylum	acacia negra
Eucalyptus spp	eucalipto
Calluna vulgaris	queiruga
Chamaespartium tridentatum	carqueixa
Cytisus spp	xesta
Erica spp	uz, carpaza
Genista spp	xesta
Pteridium aquilinum	fento
Rubus spp	silva
Ulex europaeus	toxo

O **PRAZO** voluntario da limpeza **REMATARÁ O 31 DE MAIO DO 2021**. Expoñéndose no caso de incumprimento ás sancións correspondentes previstas na lexislación vixente.

O que fago público para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

ILMO. CONCELLO DE VERÍN
APDO. 101 - 32600 VERÍN (OURENSE) – TEL: 988 41 00 00 - FAX: 988 41 19 00

De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia o CONCELLO DE VERÍN lembra ás e ós titulares das parcelas situadas a menos de 50 METROS dos lindes dos núcleos rurais e/ou vivendas illadas, deste municipio, que deben MANTELAS LIMPAS DE BIOMASA, para contribuír a unha adecuada protección contra o lume forestal.